



Freire, Sánchez, Suárez, Reigosa e Varela presentaron onte en Aldeola os actos do domingo 13. **CASAL**

Cerqueda coida a memoria

CARBALLO / LA VOZ

A Asociación de Escritores en Lingua Galega e as asociacións Monte D'Arxa e Raigañas —coa colaboración do restaurante Aldeola— xuntarán esforzos o domingo da próxima semana para recuperar e preservar o rico patrimonio cultural da parroquia malpicá de Cerqueda.

Romances, contos e lendas, regueifas e comparsas formarán parte do variado programa que será posto en escena ese día —coincidindo, ademais co entroido— por un grupo de veciños do lugar e que os responsables da AELG gravarán en vídeo para incluílo no seu programa de recuperación da cultura popular, Polafía, co que xa visitou en maio do ano pasado a parroquia pontecesá de Cospindo.

O presidente da asociación de escritores, Cesáreo Sánchez, explicou onte en Aldeola, durante a presentación da iniciativa, que asociacións coma Monte D'Arxa e Raigañas son as «veas culturais do país» e gabou os seus esforzos por manter vivas as tradicións.

Ademais, salientou que actividades coma Polafía permiten traballar tamén nesa dirección recuperando aos «mestres da memoria» e facendo chegar os seus coñecementos a través das novas tecnoloxías aos ámbitos máis diversos: «Desde unha universidade de Estados Unidos ou Xapón, ata un colexio de Monforte», sinalou.

Antonio Reigosa, responsable do proxecto e da sección de literatura e tradición oral da AELG,

incidiu nesa idea e destacou que Polafía serviu tamén para que na emigración retomen o contacto coa súa terra e para impulsar outras propostas posteriores de revitalización cultural.

No caso de Cerqueda, a portavoz de Raigañas, Luz María Varela Rama —que compartiu presentación con Xosé Manuel Varela Varela e Encarna Suárez Trigo, de Monte D'Arxa, e Alfredo Freire, xerente de Aldeola— destacou que no acto do próximo domingo participarán ata catro xeracións de veciños «cunha diferenza de idade de 70 anos».

Todos eles sinalaron que a xornada terá un importante carácter lúdico e fixeron un chamamento á participación nesta xornada dedicada a coirdar a memoria de Cerqueda.